

BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 21
SEMANAS 39 a 48/1988

(25 de setembro a 3 de decembro)

27 DE OUTUBRO DE 1989



SERVICIO GALEGO DE SAÚDE
DIRECCIÓN DE
ATENCIÓN PRIMARIA
E SAÚDE PÚBLICA
XUNTA DE GALICIA
ConSELLERIA de Sanidade

ÍNDICE

- **SEMANA EUROPEA CONTRA O CANCRO**
- **COMPOSICIÓN VACINA ANTIGRIPAL TEMPADA 89-90**
- **RECOMENDACIÓN SOBRE A VACINACIÓN DE NOS INFECTADOS POLO VIRUS DA INMUNODEFICIENCIA HUMANA**

SEMANA EUROPEA CONTRA O CANCRO

O DIARIO OFICIAL DAS COMUNIDADES EUROPEAS publicou o 26 de febreiro de 1987 o programa «Europa contra o Cancro» despois dun traballo de dous anos desde a reunión de xefes de Estado e Goberno da Comunidade.

O programa atinxe catro campos: preventión do cancro, información e educación sanitaria, formación do persoal sanitario e investigación sobre o cancro.

O obxectivo que se pretende acadar é diminuír nunha porcentaxe do 15%, como mínimo, para o ano 2000, os falecementos por cancro rexistrados en Europa. Isto é un reto importante para a sociedade e as autoridades sanitarias xa que, de manterse a actual progresión da enfermidade, nesta data un de cada tres europeos padeceu algún cancro ó longo da súa vida.

Consciente da trascendencia do tema, o Servicio Galego de Saúde súmase ó

esforzo común, entendendo que este non pode quedarse na celebración dunha semana illada de divulgación, senón que se ten que articular unha serie de actividades de certa complexidade que impliquen a un conxunto interdisciplinario de profesionais.

Nesta liña de traballo creouse no ano 1988 o Rexistro Galego de Tumores (R.T.) que hoxe en día se pode considerar consolidado. O rexistro, que se presentou ós profesionais sanitarios no mes de maio de 1989, é ampliación do que viña funcionando na provincia de Ourense anos atrás.

Os obxectivos do R.T. galego pasan por coñecer la incidencia do cancro así como a súa distribución por idade, sexo e área xeográfica, coñecer la porcentaxe de utilización das diferentes técnicas diagnósticas para a identificación do cancro así como os tempos diagnósticos

e a supervivencia dos diferentes cancros.

A obtención de datos é activa: periodicamente seis médicos recollen datos de hospitais públicos e privados dos servicios de anatomía patolóxica, hematoloxía, oncoloxía, radioloxía, etc. Posteriormente depúranse os datos para evitar duplicidades ou incongruencias e procedese á gravación e explotación.

Segundo as recomendacións da O.M.S., o rexistro publicará resultados oficiais soamente a partir de tres anos do inicio da recollida de datos. Mientras tanto os datos subministrados terán carácter provisional.

En todo o proceso se garante a absoluta confidencialidade dos datos individuais.

Como eixe central da semana contra o cancro na CEE, elaborouse un «CÓDIGO EUROPEO CONTRA O CANCRO» no que se establece un decálogo de medidas preventivas contra esta enfermidade (anexo 3) que o Servicio Gallego de Saúde considera necesario difundir entre a poboación da nosa Comunidade.

Código europeo contra o cancro

Algúns tipos de cancro poden evitarse

1.—NON FUME.

Fumador: deixe de fumar o máis axiña posible e non fume diante doutros.

2.—SEXO MODERADO NO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS.

3.—EVITE A EXPOSICIÓN EXCESIVA Ó SOL.

4.—SIGA AS RECOMENDACIÓNIS SANITARIAS E DE SEGURIDADE, especialmente no ámbito laboral, referentes á produción, manipulación ou utilización de calquera substancia que poida producir cancro.

A súa saúde mellorará se segue os consellos seguintes que, ademais, reducen o risco de padecer certos tipos de cancro:

5.—COMA CON FRECUENCIA FROITAS E VERDURAS FRESCAS E CEREAIS CON ALTO CONTIDO EN FIBRA.

6.—EVITE O EXCESO DE PESO, e limite o consumo de grasas.

MÁIS TIPOS DE CANCRO PODERÍAN CURARSE SE SE DETECTASEN ANTES:

7.—CONSULTE Ó SEU MÉDICO SE ADVIRTE UN VULTO, MODIFICACIÓNS NUN LUNAR OU HEMORRAXIAS ANORMAIS.

8.—CONSULTE Ó SEU MÉDICO NO CASO DE ALTERACIÓNS PERSISTENTES, como tose, ronqueira, cambio nos seus hábitos intestinais ou perda de peso inxustificado.

Para as mulleres:

9.—ACUDA REGULARMENTE Ó SEU XINECÓLOGO.

10.—VIXILE AS SÚAS MAMAS REGULARMENTE.

COMPOSICIÓN DA VACINA ANTIGRIPAL TEMPADA 89-90 (*)

A/Shangai/11/87 (H3N2)
A/Singapore/6/86(H1N1)
B/Yamagata/16/88

(*) Composición recomendada pola O.M.S.

Recoméndase comeza-la vacinación nos meses de outubro-novembro nos seguintes grupos:

A) Nenos a partir dos 6 meses de vida:

1) Enfermidades pulmonares crónicas